



Nº 58 - 2022

CIG

Boletín  
Sindical

www.cig.gal

Por unha Galiza ceibe e sen explotación

# 1º de Maio: contra a pobreza, políticas públicas e salarios dignos

Varios milleiros de persoas mobilizáronse coa CIG por todo o país para reclamar medidas urxentes coas que afrontar a crise, frear os efectos devastadores dos altos prezos e poder ter unha vida digna.

A CIG conmemorou este ano o Primeiro de Maio, Día Internacional da Clase Obreira, baixo o lema 'Contra a pobreza, políticas públicas e salarios dignos', reclamación que a central acompaña con propostas fronte ao incremento da carestía da vida. O secretario xeral, que participou na manifestación de Vigo, reclamou a aplicación urxente de medidas para afrontar a crise, frear os "efectos devastadores" dos altos prezos e poder ter "unha vida digna".

Até 16 localidades acolleron mobilizacións no día do internacionalismo proletario, xornada reivindicativa na que as protestas da CIG volveron ser as máis concorridas. A manifestación central de Vigo foi a máis multitudinaria, a pesar de que o Concello e a Policía Local volvesen manipular os datos para minimizar a asistencia e beneficiar a CCOO e UGT, cuxa marcha congregou menos xente. De igual xeito, os principais medios de comunicación insistiron na súa campaña de invisibilización do principal sindicato do país.

Ao remate, Paulo Carril tomou a palabra para proclamar o "firme compromiso" da CIG coa paz, denunciar a guerra en Ucraína e demandar o cese da "brutal apoloxía" do militarismo, do belicismo e da OTAN. Trasladoulle toda a solidariedade ao pobo ucraíno, mais tamén ao saharauí, e condenou que o Goberno español se tivese sometido a



Marrocos "e á súa postura imperialista, incumprindo o dereito internacional e negando os dereitos do pobo saharauí". Repasou a situación económica e social "extrema" que padecemos, "que está a ter un impacto brutal na clase traballadora e nas maiorías sociais" porque aos efectos da crise sumáronse os da pandemia, "e agora aprovéitase a guerra para xustificar políticas que non solucionan unha carestía da vida que xa arrastrabamos, pero que foi a máis, con altos prezos da electricidade, dos combustíbeis, dos alimentos e dos bens de consumo básicos".

Criticou o aumento do gasto militar (até o 2% do PIB) por parte dun Goberno que gasta máis en armamento que en acabar cos "efectos devastadores" que a carestía da vida está a causar. Fronte a isto, apelou á necesidade de adoptar medidas urxentes de intervención pública, de cambios profundos nas políticas económicas e fiscais, que non se inclúen no Plan de Resposta Económica á Guerra.

Carril quixo deixar claro que a resposta á crise non está no Pacto

de Rendas nin no acordo estatal de negociación colectiva, "xa que o diálogo social e UGT e CCOO volven estar ao servizo do capital, e ao impor a moderación salarial imposibilitan a recuperación do poder adquisitivo e consolidan os baixos salarios".

Advertiu que está en xogo o noso futuro, o dereito a pactar en Galiza os convenios e a negociar as condicións de traballo. Por iso renovou o compromiso da CIG coa conflitividade na negociación colectiva, ao tempo que lamentou a entrada en vigor da nova reforma laboral e das pensións, "coas que nin recuperamos dereitos nin avanzamos en novos dereitos, que disfrazan a precariedade e provocan máis desigualdade de xénero".

Finalmente, chamou a intensificar a mobilización "porque o camiño é a loita; é necesario crear organización, poder popular, porque os dereitos nin se regalan, nin se compran, nin veñen do diálogo social; confiamos no potencial da mobilización para conquistar políticas alternativas coas que vivir e traballar dignamente na nosa terra".

# O metal da Coruña, en folga por un convenio colectivo digno

Os traballadores e as traballadoras do metal da provincia da Coruña irán á folga os días 5, 12, 18 e 19 de maio en demanda dun convenio colectivo que garanta o poder adquisitivo dos salarios e recolla auténticas melloras laborais e sociais.

A convocatoria destas catro xornadas de folga é o resultado dun proceso de axitación que a CIG-Industria leva meses promovendo entre o persoal, coa convocatoria de numerosas asembleas e dúas manifestacións provinciais, no convencemento de que só será posíbel acadar un convenio digno a través da loita e da mobilización.

Pois, tras dous anos de negociación sen avances, a patronal lanza unha proposta “que é unha auténtica burla”, xa que pretende eliminar de golpe a revisión salarial ligada ao IPC para pasar a unha nova fórmula que suporía que cada traballador/a perdesse máis de 8.000 euros ao final da vixencia do convenio.

A patronal fai esta proposta nun momento no que a carestía da vida medra imparábel, cando o IPC rematou o pasado ano no 6.5% e cando, a nivel galego, está próximo aos dous díxitos. E aínda quere dar un paso máis



e aproveitar este convenio para introducir os peores aspectos da reforma laboral para flexibilizar máis a xornada de traballo e afondar na precarización do sector.

O voceiro CIG-Industria na mesa do convenio, Eduardo Caamaño, xa advertiu que “non imos consentir que a clase traballadora sexa a que novamente pague as consecuencias desta crise. Non imos asumir ningún convenio que non garanta, cando menos, o mantemento do poder adquisitivo dos soldos; e esta garantía pasa por incluír unha cláusula de revisión salarial anual referenciada no IPC real”.

Reclama, ademais, ampliar o dereito de subrogación para todo o persoal, un día máis de vacacións, a regulación dos pluses de penoso, tóxico e perigoso, así como as axudas de custo e viaxes, e limitar o uso das ETT.

Para poder conquistar estas léximas reivindicacións, a CIG chama a todo o persoal do siderometal da Coruña a secundar estas catro xornadas de folga e a pelexar con unidade e determinación “porque só a través da loita e da mobilización conseguiremos frear os abusos da patronal, mellorar os nosos dereitos e avanzar nas nosas condicións de vida”.

## Melloras nas condicións laborais do persoal dos Servizos de Axuda no Fogar (SAF) e das residencias privadas

A federación de Servizos da CIG está disposta a lograr a dignificación das condicións de traballo do persoal dos Servizos de Axuda no Fogar (SAF) e das residencias privadas, dous sectores esenciais, altamente feminizados e que rexistran uns elevados niveis de precariedade laboral.

No caso dos SAF, a central iniciou protestas para demandar o incremento inmediato dos salarios conforme ao IPC de 2021, que foi do 6,5%, ao tempo que anunciou que non continuará a participar na negociación do

convenio mentres non se actualicen os soldos en todos os conceptos económicos do actual convenio. “Non se pode negociar un novo convenio cando non cumpren o actual; o 6,5% non se negocia, actualización salarial xa”.

Para o domingo 8 de maio ten convocada unha manifestación ás 11:30 na Alameda de Santiago.

### Máis persoal nas residencias

De xeito paralelo, a CIG-Servizos ten en marcha unha campaña de mobilizacións para esixir máis persoal nas

residencias privadas, que se cumpra coas ratios establecidas así como un incremento destas que permita mellorar tanto as condicións laborais das persoas traballadoras como a calidade asistencial que se presta ás usuarias.

A central fixo unha primeira concentración en Política Social da Coruña e o 9 de maio convoca unha protesta en Lugo para esixir as mesmas ratio de persoal nas residencias públicas e privadas, melloras laborais e que a Consellaría atenda a solicitude de reunión cursada pola CIG hai xa seis meses.



# Campaña de recollida de sinaturas reclamando o indulto para Pintos

Vén de se iniciar a campaña de recollida de sinaturas en apoio á solicitude de indulto para Xesús Anxo López Pintos. Campaña que forma parte dun conxunto de actuacións que se irán desenvolvendo, entre as que xa se anuncia a convocatoria dunha manifestación que percorrerá as rúas de Ferrol o vindeiro día 31 de maio. Os pregos de sinaturas pódense recoller, e unha vez cubertos entregar, nos locais da CIG.

En outubro de 2012, nun contexto sociolaboral de absoluta deterioración en Ferrolterra: peche de empresas, perda de postos de traballo e deterioro xeral das condicións laborais, a cidadanía acudía a unha convocatoria dos comités de empresa de Poligal e Navantia diante do hotel Almirante, onde o PP, daquela no goberno, celebraba un acto de campaña.



Tras horas de protesta, a mobilización foi disolta por unha carga policial absolutamente desproporcionada e inxustificable cun único obxectivo: perseguir e criminalizar a mobilización como ferramenta da clase traballado-

ra para mellorar as súas condicións laborais e de vida.

Para amedrentar a loita obreira, e como mensaxe exemplarizante, non dubidaron en dirixir as agresións ao compañeiro Pintos, como símbolo da entrega militante na loita polos dereitos e as liberdades da clase obreira, que foi tamén agredido e vexado mentres permanecía detido e incomunicado na comaría, e agora rematado cunha sentenza xudicial que converte a vítima en verdugo. Todo isto coa aplicación máis humillante da chamada Lei mordaza, unha lei que a día de hoxe segue vivente.

Demandar xustiza para Pintos, evitar a súa entrada no cárcere e que se consume este ataque á liberdade sindical, pasa porque toda a sociedade e as súas organizacións, con unidade e compañeirismo, academos a amnistía do compañeiro.

## “Por un novo futuro para a lingua”

Queremos Galego, plataforma da que fai parte a CIG, convoca para o vindeiro 17 de Maio, Día das Letras Galegas, unha manifestación que percorrerá as rúas de Compostela baixo o lema “En galego agora e sempre. Por un novo futuro para a lingua”, con saída ás 12:00 horas desde a Alameda. Haberá transporte dende todas as comarcas galegas, para facilitar o desprazamento. A información dos puntos de saída estará dispoñíbel na web [queremosgalego.gal](http://queremosgalego.gal).

Todos os avances para o galego se conseguiron pola perseveranza e polo esforzo do pobo galego, como a incorporación do galego ao catálogo de Netflix ou a recente sentenza do TSXG contra Facenda por atacar os dereitos lingüísticos dun cidadán galego. A sociedade galega está soa, sen institucións que a amparen na defensa da lingua. É hora de que isto mude e os poderes públicos, comezando polo novo presidente da Xunta, teñen que abandonar a súa política de agresión sistemática ao galego e comezar a exercer a súa

**A lingua galega é o principal elemento de cohesión, identidade e progreso de Galiza.**

responsabilidade na defensa dos intereses de Galiza e da súa lingua.

Queremos Galego reclama a posibilidade de vivir “en galego agora e sempre” e denuncia que o ensino e unha limitadísima oferta audiovisual en galego botan abaixo os esforzos das familias por garantir a transmisión da lingua. A sociedade galega propón solucións, como a Iniciativa Xabarín, a Iniciativa polo audiovisual galego ou as bases para a normalización da lingua elaboradas pola maioría da representación sindical do profesorado, das anpas, dos movementos de

renovación pedagóxica e pola Mesa, pero dende Queremos Galego recordan que para que estas solucións frutifiquen cómpre que os gobernos galego e español abandonen o desprezo pola lingua galega e garantan a súa presenza e dispoñibilidade “en todo e para todo”.

Un novo futuro para o galego é posíbel se todas e todos, cidadanía, entidades sociais e gobernos imos na mesma dirección, a de asegurar que o galego está presente e plenamente dispoñíbel. A lingua galega une, é o principal elemento de cohesión, identidade e progreso de Galiza. A manifestación do 17 en Santiago debe servir para que a Xunta de Galiza comece a actuar en consecuencia.



# Iniciativa Popular de CIG-Saúde para recuperar os salarios do persoal do Sergas

## Recollerán sinaturas e agardan o apoio dos grupos parlamentarios

A CIG-Saúde promove unha Proposición non de Lei de Iniciativa Popular, para reclamar a recuperación dos acordos retributivos do persoal do SERGAS, suspendidos en 2010 e que aínda non foron recuperados.

O obxectivo desta Iniciativa é recuperar o complemento específico, que configura unha retribución complementaria cuxa contía vén determinada polo goberno galego e que está destinado a retribuír as condicións particulares dalgúns postos en atención á súa especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, incompatibilidade, perigosidade ou penosidade.

Desde a transferencia do sistema sanitario á Xunta de Galiza, o persoal do SERGAS vén demandando percibir a mesma contía retributiva, por ese concepto, que a asignada ao resto do persoal funcionario da Xunta, recollida na Orde de nóminas do persoal ao servizo da administración autonómica.

A CIG-Saúde lembra que a diferenza de soldo entre unha persoa funcionaria, cunha prestación de servizo de luns a venres e desde as 8:00 horas até as 15:00 horas, e unha persoa da sanidade, cunha prestación de servizos en quendas –mañá, tarde ou noite, incluídos domingos e festivos– é superior, de media, a máis de 200€ mensuais. Unha diferenza que é doada de comprobar na orde de nóminas do persoal da Xunta de Galiza.

### Suspensión dos acordos

A finais de 2008 foi publicado o acordo 2008-2012 para a mellora das condicións de traballo e retributivas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde. Froito dese acordo, o persoal do SERGAS percibiu o incremento correspondente aos anos 2008 e 2009. Porén, coa chegada do PP ao goberno, foi suspendido.

O goberno do PP na Xunta xustificou esa decisión “debido ás circunstancias económicas excepcionais”



pero non fixo intento ningún por recuperalo malia anunciar que a crise económica estaba superada. Fronte a iso, o que si fixo foi acordar restaurar progresivamente os dereitos do persoal da Xunta de Galiza “unha vez que se constatou unha redución significativa do déficit e o inicio da mellora da economía”, “centrándose naqueles aspectos que se poden considerar máis sensíbeis para o persoal ao servizo do sector público galego”.

Desde ese momento a CIG-Saúde reclamou que se abordase esta cuestión na mesa sectorial, nun intento de abrir un marco de negociación co SERGAS que foi impo-

síbel por mor da negativa sistemática da consellaría de Sanidade. Unha situación que obrigou a central sindical a presentar numerosas reclamacións na Xunta e agora a levar, pola vía da Proposición non de Lei de Iniciativa Popular, este tema ao Parlamento.

### Apoio dos grupos parlamentarios

A CIG-Saúde vaise dirixir tamén a todos os grupos parlamentarios para que fagan súas estas demandas co

obxectivo de que o Parlamento de Galiza inste a Xunta de Galiza a negociar na mesa sectorial do SERGAS un calendario de rehabilitación dos Acordos suspendidos no ano 2009 e que se rehabiliten as retribucións do persoal do SERGAS.

**A CIG solicita ao Parlamento que inste a que o acordo da mesa sectorial sexa ratificado no primeiro Consello de Goberno.**

Para garantir o equilibrio financeiro e facilitar un acordo, a CIG-Saúde propón tamén que a recuperación das retribucións se faga en máis dun exercicio parlamentario, previa negociación, no marco da mesa sectorial do SERGAS. Unha negociación que entende que debería de se iniciar xa este mes de xuño e rematar á maior brevidade posíbel, para que os

orxamentos do ano 2023 recollan a primeira anualidade de rehabilitación dos dereitos suspendidos.

A central sindical solicita ademais do Parlamento de Galiza que inste a que o acordo acadado na mesa sectorial sexa ratificado no primeiro Consello de Goberno que se celebre con posterioridade ao asinamento do acordo de rehabilitación de dereitos suspendidos, para a súa posterior publicación no Diario Oficial de Galiza.